



Concello de
Vilagarcía de Arousa
Alcaldía

Praza Ravela, 1
36600 Vilagarcía de Arousa
T 986 565 820 · F 986 511 012
CIF: P/3606000 B
alcaldia@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO ALCALDE-PRESIDENTE

ASUNTO: Medidas organizativas extraordinarias derivadas da emerxencia sanitaria pola contención da expansión de contaxios polo virus COVID – 19.

Considerando as medidas de contención e as recomendación ditadas pola Xunta de Galicia e o Ministerio de Sanidade de contención da pandemia declarada pola OMS, e respecto ao período 13 ao 29 de marzo de 2020. E en uso das facultades es que me confire a lexislación vixente.

RESOLVO:

Primeiro: Seguridade cidadá:

O servizo de Emerxencias e o servizo da Policía Local manterán en todo caso o seu pleno funcionamento de quendas de traballo, podendo de ser necesario segundo a evolución das circunstancias reforzar os servizos operativos mediante o persoal destes servizos actualmente adscrito a tarefas administrativas.

Segundo: Educación e Parques infantís:

De modo análogo á suspensión de actividade educativa a partir do 13 de marzo ata o 29 de marzo se suspenden as actividades lectivas no Conservatorio de Música, Escola de Música e Escola Taller Obradoiro de Emprego, e tamén se suspende polo mesmo período a actividade cara ao público da Biblioteca Municipal e no Centro de Formación de Matosiños.

Procede se pechen os parques infantís durante o período de referencia.

Terceiro: Auditorio Municipal, Salón García, Sala de Exposicións, Oficina de Turismo e Centros culturais parroquiais e veciñais.

Se suspenden entre o 13 de marzo e o 29 de marzo as actividades públicas programadas dos devanditos centros, e se manterá pechada ao público a Oficina de Turismo.

Cuarto: Servizos Sociais, Igualdade e SPAD

De modo análogo as medidas adoptadas no eido da asistencia socio sanitaria, se suspende a asistencia domiciliaria das traballadoras e educadoras sociais nos citados servizos e as citas presenciais que non sexan urxentes. Preferentemente a atención será telefónica ou vía electrónica.



En todo caso manterase o servizo de axuda no fogar.

Se suspende a actividade de reforzo educativo do programa de integración da etnia xitana.

Quinto: Mercados

Suspender os mercados previstos para os martes e sábados comprendidos en dito período do 13 ao 29 de marzo, e con carácter xeral as actividades de venda ambulante polo mesmo período.

Sexto: Deportes

Se suspenden as actividades deportivas da FPSDM polo período do 13 de marzo ao 29 de marzo de 2020, asemade pecharán as instalacións municipais e da Piscina Municipal de Fotecarmoa.

Sétimo: Cemiterios

Manterá o seu funcionamento ordinario.

Oitavo: Servizos Xerais

As empresas externas que se relacionan có Concello para cuestións administrativas, asistencia técnica, informática e outras prestacións de servizos, deberán aprazar a súa asistencia presencial no Concello durante este período.

Se recomenda á cidadanía que eviten acudir aos servizos administrativos para trámites e cuestións que non sexan urxentes, e que se utilicen os medios telemáticos e telefónicos existentes, en particular a través da sede electrónica do Concello:

<http://sede.vilagarcia.gal>

E os teléfonos seguintes:

Policía Local: 986501582
Emerxencias: 986512020
Casa do Concello: 986099200
Servizos Sociais: 986505685

Noveno:

Aqueles postos que polas súas circunstancias non sexa viable o traballo non presencial deberá asignárselle tarefas de mantemento, preparación de elementos de traballo, etc. De tal modo que non supoñan unha innecesaria concentración de persoas nun mesmo espazo de traballo.



Concello de
Vilagarcía de Arousa
Alcaldía

Praza Ravela, 1
36600 Vilagarcía de Arousa
T 986 565 820 - F 986 511 012
CIF: P/3606000 B
alcaldia@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es

Décimo: Informática

O Departamento de informática adaptará a sua organización e funcionamento as necesidades administrativas.

Once: Ao non ser públicas manterase a celebración das Xunta de Goberno Local previstas si ben o lugar de celebración pasará a ser o salón de Plenos.

Dado o seu carácter público a procedencia ou non da suspensión da sesión plenaria prevista para o mes de marzo consultarase previamente aos voceiros dos grupos políticos municipais, coa finalidade de adoptar unha medida consensuada.

Alcalde-Presidente
D. Alberto Varela Paz

A Secretaria Xeral
Dna. Rosa Losada Suárez

